

Expediente IET: P-21-766  
Proxecto: Parque eólico Serra do Farelo  
Concello: Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo)  
Promotor: AV Serra do Farelo SLU

## INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 28/12/2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto de parque eólico Serra do Farelo

### 1. Antecedentes:

Con data do 25/11/2021 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e ao Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

### 2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (R-LPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do R-LPPG.

### 3. Informe:

Na contestación recibida ao anterior informe do IET, a empresa promotora achega unha addenda ao EIIP na que se completa a análise de elementos que outorgan carácter á paisaxe, achega a xustificación das directrices de aplicación, unha análise dos afloramentos rochosos do ámbito propoñendo un novo deseño dos camiños para minimizar a afección aos mesmos. Tamén leva a cabo unha análise da visibilidade máis pormenorizada propoñendo pantallas vexetais no entorno dos núcleos de poboación e do edificio de control.



Estes contidos veñen a completar o EIIP do proxecto polo que pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do R-LPPG.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do R-LPPG, deberán quedar oportunamente recollidas nos planos e orzamento do proxecto as medidas de integración paisaxística, como é a de creación de barreiras vexetais.

José Luís Álvarez Vicente  
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito  
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez  
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

